

CRITERIOS DE CORRECCIÓN SEGUNDO EJERCICIO

PROCESO SELECTIVO PRAZA ADMINISTRATIVO (SX1.0/004).

PROBA PRÁCTICA

A puntuación máxima deste segundo exercicio é de 10 puntos.

Cada suposto práctico ten un valor máximo de 2,5 puntos.

A distribución da puntuación realízase do seguinte xeito:

SUPOSTO 1:

Puntuarase a estruturación formal e contido do documento.

O total de puntuación distribúese en 3 apartados:

- Encabezado formal do documento e constancia do interesado a notificar: 0,40
- Transcripción íntegra da resolución a notificar: 0,30
- Pé de recurso, no que se recolla a totalidade do contido mínimo contemplado no artigo 40.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e pé do documento (lugar, data e sinatura da Secretaria): 1,80

SUPOSTO 2:

Puntuarase a estruturación formal e contido do documento.

O total de puntuación distribúese en 3 apartados:

- Encabezado formal do documento da convocatoria: 0,30
- División das partes da sesión plenaria, colocación en orde e inclusión correcta dos asuntos indicados expresamente no suposto, inclusión e colocación correcta dos asuntos que corresponde incluír atendendo ao tipo de sesión, e información relativa á disposición e consulta da documentación: 1,50
- Pé do documento (data da convocatoria cumprindo cos prazos mínimos establecidos, lugar, data e sinatura da Alcaldesa e Secretaria): 0,70

SUPOSTO 3:

Puntuarase a estruturación formal e contido do documento.

O total de puntuación distribúese en 3 apartados:

- Corpo do documento no que se fagan constar os antecedentes do requirimento: interesado, número de rexistro da solicitude, documentación a subsanar; normativa de aplicación, prazo para a presentación da documentación e efectos da non presentación: 2,10
- Lugar, data e sinatura da Alcaldía e constancia do interesado a requirir: 0,40

SUPOSTO 4:

Puntuarase a estruturación formal e contido do documento.

O total de puntuación distribúese en 3 apartados:

- Encabezado formal do documento: 0,30
- Transcrición íntegra do acordo a certificar: 0,30
- Pé da certificación, incluíndo a salvidade establecida no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e pé do documento (lugar, data e sinaturas da Secretaria, co visto e praxe da Alcaldesa): 1,90